

FILOSOFÍA E CIDADADANÍA

1º DE BACHARELATO

PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS E PROCEDIMENTOS

1. CONTIDOS

Bloque I. O SER HUMANO E O COÑECEMENTO

Unidade 1: A orixe biolóxica e cultural do ser humano

Primeiro encadraremos o ser humano dentro do resto dos seres que compoñen a natureza. Os eixos serán: a orixe e evolución dos seres vivos, e a orixe e evolución do ser humano. Despois, traballaremos temas de antropoloxía e de socioloxía. O obxectivo é analizar e comprender o fenómeno cultural nos seres humanos. Tamén presentaremos o que é unha sociedade humana e

Unidade 2: Os sistemas humanos de coñecemento

Un tema moi amplo e ambicioso. Con el intentaremos introducir a materia de «Historia da filosofía» que teredes como materia obrigatoria en 2º de bacharelato. Nesta unidade veremos como nace a filosofía, analizaremos as súas características do pensamento filosófico en comparación con outras formas de pensar (mito e ciencia). Veremos as partes da filosofía, os principais problemas filosóficos e as respostas históricas máis importantes. Veremos as etapas da historia da filosofía. E finalmente investigaremos o nacemento e evolución do coñecemento científico, herdeiro ao tempo que competidor da filosofía. Clasificaremos as ciencias e analizaremos a súa metodoloxía e as cosmovisións científicas ao longo da historia.

Unidade 3: O pensamento lóxico

Esta unidade completa a anterior, e trata sobre a linguaxe e o razoamento humano usado para conseguir achegarse á verdade.

Bloque II. A DIMENSIÓN ÉTICA E POLÍTICA DO SER HUMANO

Unidade 4: A moralidade humana e a ética

Esta unidade pretende ser unha achega práctica á conduta moral humana. Trataremos temas como a reflexión ética sobre a conduta moral humana, a conciencia moral, a liberdade e a responsabilidade e a autonomía e heteronomía morais. Intentaremos explicar todo isto desde a análise dos principais problemas morais do noso tempo (a ecoloxía, a globalización, a integración da muller, a inmigración, a pobreza, os dereitos humanos, etc.)

Unidade 5: A organización política da sociedade

Complementase coa unidade anterior e serve de introdución á seguinte. Pretende ser unha reflexión filosófica sobre os problemas políticos.

Unidade 6: O ser humano como cidadán

Esta unidade final ten dous eixos: (1) analizarmos o sistema democrático, os seus mecanismos e a súa lexitimidade, e (2) aprender unhas directrices para comportarse como cidadáns nun sistema democrático entendendo o noso papel na sociedade civil, discutindo as vantaxes e límites do sistema democrático e os valores de igualdade, representabilidade e desobediencia civil.

2. SECUENCIACIÓN DOS BLOQUES E UNIDADES POR TRIMESTRES

TRIMESTRE	BLOQUE	UNIDADES
Primeiro	Bloque I: O ser humano e o coñecemento	Unidades 1 e 2
Segundo	Bloque I: O ser humano e o coñecemento	Unidade 3
Terceiro	Bloque II: A dimensión ética e política do ser humano	Unidades 4 a 6

3. TIPOS DE PROBAS DE CUALIFICACIÓN POR UNIDADES

UNIDADE	TIPOS DE PROBAS
1: A orixe biolóxica e cultural do ser humano	Probas escritas de asimilación da información e comentarios de texto
2: Os sistemas humanos de coñecemento	Probas de comprensión escrita e probas prácticas, comentarios de texto
3: O pensamento lóxico	Exercicios e probas prácticas
4: A moralidade humana e a ética	Traballos prácticos, comentarios de texto e probas escritas de asimilación da información
5: A organización política da sociedade	Traballos prácticos, comentarios de texto e probas escritas de asimilación da información
6: O ser humano como cidadán	Traballos prácticos, comentarios de texto e probas escritas de asimilación da información